

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 8 DE  
SETEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER SUPLETORIO DA  
CORRESPONDENTE AO DÍA 18 DE AGOSTO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día oito de setembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; don Alfredo Rodríguez Abella e dona María Victoria Amor Prieto, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, como secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do día 12 de xullo e sesión ordinaria do día 21 de xullo do ano que andamos**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 12 de xullo e sesión ordinaria do día 21 de xullo de 2011.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

**2º Proposta de aprobación da transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da prestación do servizo de alimentación a domicilio e aprobación do “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para o desenvolvemento do programa xantar na casa no Concello de Cambre”**

Vista a proposta de Alcaldía de data 2 de setembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 6 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo valora positivamente o grao de receptividade do equipo de goberno na proposta do seu grupo que presentaron o pasado martes na Comisión Informativa, e na que propoñían que o que se aforrara pola prestación do servizo, en parte puidera repercutir naqueles usuarios que teñen máis dificultades para acceder ao servizo. Acordaron que o valorarían, o estudarían, tendo en conta que o convenio ten unha vixencia a 31 de decembro, entenden que neste exercicio non é posible, pero en exercicios sucesivos gustaríalles que valorasen a proposta. Consideran que é unha medida de solidariedade social.

O seu grupo vai apoiar a proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo mantén o voto favorable emitido nas Comisións.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, segundo os informes e os estudos que se achegaron, pensa que existe coa transferencia unha previsible mellora no servizo, co aumento da súa prestación de 5 a 7 días, o que significa mantelo os 365 días do ano, rebaixando o custo que o concello tiña que asumir, por tanto, o seu grupo non vai poñer impedimento a esa transferencia, e vanse abster, pero sen esquecerse, por outra banda, das experiencias noutras transferencias que se fixeron, como é o caso do servizo 065, no cal non saíron beneficiados os usuarios.

Concedida a palabra a dona María Victoria Amor Prieto, concelleira do BNG, manifesta que o seu grupo tamén ten o temor de que pase o mesmo que pasou co 065, que unha vez transferido o servizo, empece a funcionar con deficiencias. Por outra banda, en canto ao tema do aforro consideran que, nunha época de crise como na que están, eses cartos que se aforran deben recaer outra vez na mesma área, porque, nas épocas de crise, onde non se debe aforrar nunca en na área de Servizos Sociais. Debe recaer nos menos favorecidos do concello, neses veciños que non teñen a sorte de cobrar 29.000 euros por catro horas de traballo.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser o mesmo que na Comisión. Considera que non só se mellora o servizo ao pasar de 5 a 7 días, senón que lles vai saír incluso máis económico. O

Concello de Cambre vai poder aforrar un diñeiro que poderá destinar a outras cousas e, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, agradece a todos os grupos as súas intervencións. Sinala que, efectivamente, este ano non se pode facer nada, porque as cotas da Xunta son cotas fixas, non hai tramos para rendas altas e baixas, son todos os tramos iguais. Os usuarios 0 seguen a manterse e no próximo convenio poden chegar a un acordo e decidir canto vai ser cota 0 e canto non. Agora queda así, e en decembro, que é cando habería que volver a asinar o convenio, valorarase.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, agradece novamente esa deferencia e lembra que hai usuarios que teñen tarifas de 2 euros que realmente non ven mellorado significativamente o pagamento. Están falando máis que dunha diminución, dun axuste, pasar de 2 euros a 1,87. Gustaríalles que iso se tivera en conta e que, realmente, aqueles usuarios que están pagando unha cota inferior é porque realmente teñen dificultades de acceder a ese servizo.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel contesta que o teñen en conta, e así o terán tamén nos vindeiros orzamentos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Transferir ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a xestión do servizo social comunitario básico consistente na alimentación a domicilio polo período de duración establecido no “Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o desenvolvemento do programa “Xantar na casa” no Concello de Cambre”.

Segundo: Aprobar o texto do “Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa “Xantar na casa” no Concello de Cambre”, e formalizalo.

Terceiro: Comunicar o presente acordo ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

### **3º Proposta de aprobación do número, características e retribucións do personal eventual**

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle gustaría, por unha cuestión de transparencia, que o Sr. alcalde dera información sobre este punto que foi

retirado da orde do día, xa que non toda a xente que está presente coñece o tema. Os grupos municipais o coñecen, pero non así moitos dos asistentes a esta sesión plenaria.

O Sr. alcalde contesta que non se trata dun problema de transparencia, xa que el sempre avoga pola transparencia, é un punto no que hai unhas diferenzas dentro do órgano da administración, e nas Comisións Informativas xa se decidiu retiralo da orde do día e discutilo máis adiante, porque van volver a propoñelo.

Considera que, dado que hai outros puntos na orde do día, non é oportuno poñerse a discutir sobre un punto que xa foi retirado en Comisións Informativas. No seu momento explicarán o tema a toda a cidadanía, é máis, di que agarda que ese día incluso haxa máis xente presente. En todo caso explica que o punto que se retira é a proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual, e di que se darán explicacións sobre este punto no seu día, dado que cre que iso é o máis oportuno, e non perder o tempo agora cunha discusión, é máis importante seguir co resto dos puntos da orde do día.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el o único que pediu é o que o Sr. alcalde fixo ao final, que explicara o punto que quedaba fóra da orde do día, non quería entrar en debate ningún.

#### **4º Proposta de aprobación das bases para a convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2011-2012**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 1 de setembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 6 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser a prol, non obstante, solicitan do equipo de goberno, como xa fixeron o martes, que se dea o maior grao de difusión posible a esta axuda en concreto, e a calquera outra axuda que vaia encamiñada a mellorar as condicións dos veciños, de tal xeito, que o orzamento se agote, que non quede ningunha bolsa sen dar, iso será un bo sinal de que acadaron o obxectivo previsto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai manter o voto favorable emitido nas Comisións Informativas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto. Di que a asignación para este ano 2011-2012 non se incrementa nada respecto do ano anterior, unha axuda que vai dedicada á educación dos escolares do Concello de Cambre. Entenden que a cantidade asignada a bolsas de

estudos está supeditada á dotación do orzamento existente anteriormente, pero cren que ben se podía incrementar este ano.

Por outra banda, tamén entenden que unhas cantidades que consideran pequenas, que son de 100 a 140 euros, necesitan unha serie de documentación que lles parece esaxerada en relación coa cantidade que se ofrece.

Conclúe dicindo que se van abster, lamentando que non se teña incrementado un pouco máis o importe destas bolsas.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster, non obstante, queren facer fincapé en que se faga a maior divulgación posible para que se agote todo o orzamentado, e incluso parécelles un pouco curto o importe dos 7.200 euros que se destina para esa partida. Di que é unha pena que en Cambre hoxe se teña que facer isto, cando hai un par de anos, co anterior goberno da Xunta, estaba asumida a gratuidade dos libros de texto.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle gustaría matizar que, como ben explicou o concelleiro de EU, o importe total da subvención, que son 7.200 euros, son os fondos que teñen dispoñibles, é un tema que herdaron dos orzamentos vixentes para este ano, que foron aprobados pola anterior Corporación e, efectivamente, ao seu grupo tamén lle parece un importe curto. En todo caso queren lembrar, como tamén dixeron nas Comisións, que o ano pasado non houbo tantas solicitudes como para cubrir os 7.200 euros, polo tanto este ano farán todo o esforzo de divulgación e difusión para intentar que non sobre diñeiro, e para o ano que vén, como en breve terán o debate dos orzamentos, cre que poden chegar a un acordo para aumentar este punto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que están de acordo en que o orzamento de 7.200 euros foi herdado, pero o seu grupo está convencido de que existen fórmulas de suplemento de crédito para poder incrementalo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2011-2012, que se achegan, así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2011 323 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

### **5º Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2012**

Vista a proposta de Alcaldía de data 2 de setembro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 6 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a proposta que fai o goberno é manter os festivos que tradicionalmente tivo Cambre, que son o 16 de agosto e o martes de entroido. Xa na pasada lexislatura houbo algún debate, e algún grupo sinalou a posibilidade de que o día de San Xoan se fixera festivo, pero no ano 2012 San Xoan coincide de domingo, polo tanto, non consideran que sexa oportuno debater esta posibilidade este ano. Probablemente para o ano que vén será o momento para que todos os grupos, e seguramente consultando tamén aos veciños, decidir se queren que San Xoan sexa festivo a cambio dun dos dous que tradicionalmente foron festivos en Cambre.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está a prol da proposta e que si lles gustaría que para o ano que vén se valorase a posibilidade de fixar San Xoan como festivo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, efectivamente, o seu grupo xa propuxera o pasado ano que o día de San Xoan, que coincidía venres, era unha data que perfectamente se acoplaba para que fora festivo, non tivo apoio por parte de ningún grupo presente na Corporación, foi o seu grupo o único que propuxo que o San Xoan fora festivo. O que si se aprobou foi facer unha declaración institucional instando á Xunta de Galicia para que se considerara festivo autonómico, recoñecendo, ademais, que era unha festa extendida e desfrutada en todo o país.

Di que o seu grupo, despois de consultar o calendario do ano 2012, e recibir opinións e suxestións de moitos veciños de Cambre, inclínase a facer festivo o día de San Xoan, en substitución do martes de entroido, iso argumentado en varias razóns: primeiro en que aínda que o próximo San Xoan sexa domingo poderíase trasladar ao luns, co cal os traballadores de Cambre terían tres días de festa. Sería, ademais, unha resposta a unha

demanda social, ao tratarse dunha festa que forma parte do patrimonio de Galicia, polo que se necesita o seu recoñecemento.

Tamén queren conseguir que o día de San Xoan sexa unha festa institucionalizada no Concello de Cambre, como unha referencia dos festivos no conxunto do concello. Tamén por ter, nos últimos tempos, unha maior tradición de seguimento, non quere sacar mérito ningún ao martes de entroido, que tamén é unha festa importante, pero cre que ultimamente se impuxo bastante o día de San Xoan, tendo en conta ademais que o luns anterior ao martes de entroido é laborable.

Tampouco quere esquecer que se celebran dúas festas en dúas parroquias de Cambre, concretamente en Anceis e Pravio. E tamén o que non é menos importante é que EU no seu programa levaba a proposta de declarar San Xoan como festivo.

Cre que é unha boa oportunidade a que teñen este ano, xa como referencia, poñer o San Xoan festivo e trasladalo ao luns. Por todo isto o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar en contra, porque tamén decidiron que era mellor cambiar o martes de entroido polo San Xoan. Á parte de todas as razóns que expuxo o voceiro de EU aínda habería outra máis, que nesta moda que agora manda tanto, a moda anglosaxona, sería festivo un luns. Di isto porque os anglosaxóns todos os festivos os trasladan aos luns, ou sexa, que aínda se irían adaptando máis á moda vixente.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto emitido na Comisión, que é votar a prol da proposta de manter o martes de entroido e o 16 de agosto, como veu sendo tradicionalmente. O ano que vén volverán debater o tema entre todos os grupos, intentarán chegar a un consenso e xa decidirán se trasladarán o martes de entroido para San Xoan, de momento vota a prol de deixalo como está.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros do GM, e votan en contra os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Establecer como festivos para o ano 2012 os días martes de entroido e o 16 de agosto, festas en Cambre.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

## **6º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos, de data 8 de setembro de 2011, respecto da aprobación do proxecto modificado n.º 1 de “Rehabilitación das fontes do Toural e do Souto”. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

### **A) Proposta do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos para aprobación, se procede, do proxecto modificado n.º 1 de “Rehabilitación das fontes do Toural e do Souto”**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos de data 8 de setembro de 2011.

Concedida a palabra a don Manuel Gómez Marante, concelleiro do GM, manifesta que tratou de facerlles chegar o antes posible esta proposta a todos os grupos. Trátase dun asunto que hai que traer ao Pleno porque fai referencia a unha obra do POS, e as obras do POS pasaron polo Pleno para a súa aprobación.

O problema xurdiu porque Patrimonio non permitiu utilizar os materiais que se propoñían nun principio, fíxose unha modificación de acordo coa instrucións de Patrimonio e agora trátase de traer o tema e axilizalo o máis posible.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo coa modificación do proxecto e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén está de acordo coa modificación, van votar favorablemente, pero gustaríalle facer unha reflexión en canto a que na lexislatura pasada moitas veces se trouxeron a última hora, á presa e correndo, moitos temas importantes para os veciños e veciñas de Cambre. Simplemente quere pedir ao goberno que teña en conta isto, e que non ocorra de novo habitualmente. Dende logo saben que foi a última hora e van votar a prol, pero pídelles que o teñan en conta para facer as xestións necesarias e ter a documentación antes.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que evidentemente eles están a prol desta proposta, e saben que o tempo aprema, pero queren reprochar que a eles se lles entregou un documento hoxe pola mañá, e nese documento non se di para nada que se vai presentar en forma de moción. El entendeu que era un documento para analizar e logo debater no próximo Pleno, pero non neste

Pleno, porque el non viu en ningún sitio que fora ser unha moción de urxencia. A eles entregóuselles un documento e agora dinlles que é unha moción. Parécelle que hai que mellorar un pouco as formas.

O Sr. alcalde reconece que pode ser un defecto de forma, e son todos plenipotenciarios para deixalo para o próximo Pleno, pero cre que xa se comentou nas Comisións Informativas que se lles ía dar ese documento, porque é un cambio mínimo e queren acelerar o proceso, para poder poñer a disposición esas fontes, para desfrute dos veciños. Trátase dun modificado insustancial, que ademais o proxecto foi aprobado polo Pleno, e quen o ten que ratificar é o Pleno. Non obstante, se o queren deixar para o próximo, este é un tema de maiorías e poden facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o debate non é ese, o debate é a forma en que se presenta, nada máis. No proxecto todos están de acordo e o tempo aprema para levar a cabo esas reparacións e as obras do POS. El o único que di é que a forma de presentalo non lle parece a correcta, nada máis que iso.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que tamén eles van votar a prol, pero pide que non se converta en habitual que chegue todo a medio día para aprobalo pola tarde, sobre todo cando só faltan 15 días para o vindeiro Pleno.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable, pero tamén quere facer a mesma reflexión que fixeron os anteriores voceiros respecto de traer as cousas a Pleno en tempo e forma, e darlles a información con tempo suficiente para poder estudalo. Di que é verdade que persoas que agora están no goberno municipal, e antes estaban na oposición, criticaban ao anterior goberno esta forma de traballar e de facer as cousas.

O Sr. alcalde manifesta que el vai procurar, aínda que non pode asegurar que isto non vaia suceder nalgunha ocasión, pero vai procurar que isto non volva suceder. En todo caso, dálles a todos as grazas.

Don Manuel Marante Gómez tamén agradece todos os comentarios que se fan, e manifesta que el tampouco pretende que isto se converta en algo que sexa frecuente. Pensa que é un tema que tampouco cre que revista ningunha gravidade, é unha simple modificación de materiais que se van utilizar na fonte, non se trata de aprobar nada que poida implicar temas substanciais, iso sería máis grave. Dende logo el trouxo este asunto con boa vontade, non con idea de que isto se converta en nada máis, porque el, precisamente, tamén critica que se traian as cousas así, sempre o fixo e sempre o fará. Anunciou nas Comisións que era posible que trouxeran este modificado, para poder axilizalo, pero non pasa nada, sería pedir prórroga para contratalo máis tarde, sería agardar, nada máis, non hai outro problema.

Sometida a proposta a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto modificado n.º 1 de “Rehabilitación das fontes do Toural e do Souto”, sen que isto supoña un incremento orzamentario.

Segundo: Dar traslado do proxecto modificado ao Servizo de Patrimonio Histórico, Departamento Territorial da Coruña, Consellería de Cultura e Turismo, co fin de que autoricen a citada actuación.

Terceiro: Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña do acordo adoptado, unha vez sexa autorizado polo Servizo de Patrimonio.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Antes de dar lectura á moción, dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, fai constar que, por un erro, no penúltimo parágrafo da exposición de motivos, onde figura o nome do concello de Santa Comba, en realidade debe dicir Betanzos.

### **B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar á Xunta de Galicia á creación dun GRUMIR no Concello de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 14351 o día 3 de setembro de 2011, dáse lectura íntegra ao contido da moción presentada.

Unha vez finalizada a lectura, dona Margarita Iglesias Pais sinala que, co obxecto de abondar un pouco máis no que acaba de ler, e para facer un pouco máis de fincapé, gustaría lle lembrar que o servizo municipal creado no 2004 no Concello de Cambre, consta de cinco operarios, e actualmente o seu custo, entre material e persoal, acada os 210.000 euros.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el cre que o tema dos GRUMIR está mal deseñado dende un principio, remítese ao Pacto Local do 2007, asinado entre a

Fegamp e a Consellería de Presidencia. Os GRUMIR están financiados con fondos europeos, como tal pasan á Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia, a través da Fegamp, finánciao. No ano 2007 fíxose un mapa no que estaba incluído Cambre, iso cando estaba a Xunta do bipartito. No ano 2010, cando accede á Xunta o PP, volve tratarse o tema porque non se estaba cumprindo con ese mapa. A Xunta volve instar á Fegamp a que cumpra co acordado, porque é a que fai os dispositivos dos números dos GRUMIR. Nese momento por parte da Fegamp non se asume o mapa dos Grumir, e estes permanecen nos concellos onde foran asignados, sen respectar o Pacto local.

No ano 2011, cambia a presidencia da Fegamp, pero séguese co mesmo mapa, agora ben, iso non é unha responsabilidade nin da Xunta do bipartito, nin da Xunta actual, dado que a Fegamp é un consorcio de municipios, que son os que administran os GRUMIR.

En todo caso, este Pacto local sobre os GRUMIR termina o 31 de decembro de 2011. No ano que vén vaise volver deseñar ese plan, para saber se a partir do ano 2013 os GRUMIR van seguir sendo operativos e financiados pola Unión Europea ou non, ou teñen que asumilo os concellos.

Por iso, aínda estando de acordo coa proposta, o seu grupo cre que habería que consorciar todo este servizo, ao mellor a través do Consorcio das Mariñas, para que se asignen de verdade os GRUMIR aos centros que o necesitan, porque cre que todos saben que este servizo é necesario, aínda que neste momento moitos dos GRUMIR non estean facendo os labores para os cales foron deseñados.

Por iso di que ao seu grupo gustaríalle introducir nesta moción unha cláusula instando a consorciar este servizo, e non só traspasar este problema á Xunta de Galicia para que esta se arranxe, porque aquí teñen responsabilidade todos os concellos, incluído o de Cambre, aínda que non forma parte da Comisión que adxudica os GRUMIR.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais responde que están de acordo en gran parte do que acaba de expresar o Sr. alcalde, non vai entrar en tratar de buscar o culpable de por que non se cumpriu o Pacto local. Ela cre que o que a eles lles concerne como concelleiros en Cambre, é defender os intereses de Cambre e buscar o maior aforro no custo, sexa quen sexa quen estea gobernando, na Xunta e na Fegamp.

Partindo desa premisa di que están de acordo coa proposta de modificación que lles fai o Sr. alcalde en canto a instar a consorciar este servizo e non teñen ningún problema en modificar a moción que presentaron nese sentido.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que lle gustaría completar un pouco a explicación xa dada polo Sr. alcalde. Cre que esta é unha lexislatura importante en toda a área metropolitana, todos os concellos teñen unha serie de retos que van condicionar o futuro da administración local para os próximos anos,

como é a integración do Concello da Coruña dentro do Consorcio das Mariñas e a futura construción da área metropolitana.

Iso por un lado, por outro lado teñen o problema da crise. Di que o goberno municipal leva dende que comezou intentando identificar todos aqueles recursos que se poidan, non suprimir, senón axustar sen que sufra menoscabo o benestar e os servizos que se prestan aos cidadáns, precisamente non só porque teñen que dar exemplo, senón que tamén teñen necesidades acuciantes económicas.

Están de acordo no fondo da moción, completamente de acordo, é necesario mellorar os servizos de Protección Civil, e é necesario mellorar outros moitos servizos, para iso non só terán que apretarse o cinto e mellorar a eficiencia dos recursos que teñen, senón que probablemente terán que formular outro debate que é o recorrente da mellora do financiamento local, ese será outro debate.

Di que unha das melloras que se poden facer, aproveitando a construción da área metropolitana, é intentar identificar todas aquelas cousas que serían máis eficientes se se xestionaran de forma conxunta entre distintos concellos. Eles xa dende o principio tiveron varias conversacións informais con outros concellos, non hai absolutamente nada formal, pero este tema xa se tratou e é unha das opcións que se barallan, consorciar o servizo de Protección Civil, porque, como ben dixeron, Cambre ten 5 membros, pero Culleredo ten 5 ou 6, Oleiros 6 ou 7, e ao mellor cada un por libre non é todo o eficiente que debería ser, pero todos en conxunto ao mellor si que o son. Esa podería ser unha forma, di que eles a adición que propoñen facer a moción sería a seguinte:

*“Instar ao goberno municipal a que inicie as xestións oportunas perante o Consorcio das Mariñas e, particularmente, os concellos da Comarca das Mariñas, co fin de elaborar os estudos necesarios para comprobar a viabilidade técnica e económica de consorciar os servizos municipais de Protección Civil.”*

Cre que é un pouco a liña pola que poden traballar, é unha alternativa aos GRUMIR que como ben dicía o Sr. alcalde ao final crear un GRUMIR, dotar de maiores medios e traspasarlle o seu financiamento á Xunta, non é máis que quitarse eles un gasto que teñen, e darlo á Xunta. O que teñen que pensar é un pouco en global, e cos recursos que teñen mellorar o financiamento. Se poden evitarlle custos ao concello, moito mellor, pero traspasarlle o custo á Xunta, ao final, quen paga os servizos, sexan da Xunta, do Estado ou do concello, son os veciños, exactamente igual. O que teñen que facer é, co que teñen, mellorar os recursos.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais di que lle gustaría facer algún tipo de puntualización, e que entende que a proposta que se fai dende o grupo popular é unha proposta dirixida cara ao futuro, pero tamén lles recorda que aínda está aberto o período de negociación entre a Fegamp e a Xunta, non está pechado. Ata final de ano tiñan de prazo para elaborar un novo mapa de emerxencias. Por iso cre que seguramente son

complementarias as informacións que terá o Sr. alcalde e as que teñen eles, respecto de que iso, como fan constar na moción, está paralizado.

De calquera forma di que, se por se acaso se poñen as pilas de aquí a que finalice o ano, gustaríalles que o nome de Cambre estivera enriba da mesa, como un dos beneficiarios dese suposto cumprimento do Pacto local. Iso non vai en contradición co que se propón, que é unha medida de futuro respecto da posibilidade de formar un consorcio sobre os servizos de Protección Civil pero, de momento, a proposta que presentan é que se faga esa petición tanto á Xunta de Galicia como á Fegamp.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que eles van votar a prol diso, pero que o que lles gustaría é incluír, a maiores do que se propón, o seu punto, pero co resto están totalmente de acordo.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que non hai ningún problema.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que noutra situación sospeitaría do que pasa. Pola contra, di que está moi contento do que expresou o grupo socialista, xa que están totalmente de acordo coa moción.

Di que sospeitaría porque eles esta mañá presentaron por Rexistro unha petición directa ao Sr. alcalde, pedíndolle que solicite ao Consorcio das Mariñas un estudo das necesidades reais que ten Cambre co servizo de emerxencias, bombeiros e protección civil.

Están completamente de acordo co que están expoñendo, en canto a que hai servizos que teñen que consorciar porque son insostenibles doutra forma, porque todos saben o que custa o material para Protección Civil, por exemplo, materiais que ás veces ao longo dun ano non se utilizan e custan moitísimo diñeiro, e teñen que compralo Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada,..., todos. Por iso dixo ao principio que noutras situacións podería dar lugar a sospeita, non é o caso, di que lle agrada moito que tomen esas decisións, están de acordo coa moción e o seu voto vai ser a prol.

O Sr. alcalde agradece a intervención e sinala que ese estudo no Consorcio das Mariñas xa están a facelo, xa o iniciaron, e agarda que a primeiros de ano estea máis ou menos vixente un borrador.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo está a prol da moción, e tamén a prol do engadido que fixo o Sr. alcalde, porque cren que, efectivamente, haberá que consorciar todos os servizos porque serían moito máis baratos e serían moito máis eficaces.

En canto á coordinación, parece que non existe moita coordinación entre o Sr. alcalde e o seu voceiro, porque está perfectamente de acordo co que dixo o Sr. alcalde no tema de consorciar, pero o Concello de Cambre está representado no Consorcio das Mariñas e el

pode libremente levar as propostas que estime oportunas, con permiso ou sen permiso do Pleno. Cre que o alcalde, ou a persoa que designe como representante no Consorcio, pode levar as iniciativas que queira.

Conclúe dicindo que está de acordo coa moción, está de acordo coa achega que fixo o Sr. alcalde e, por conseguinte, van votar a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol. Di que se levaron unha grande alegría ao saber por voz do voceiro do PP que por fin A Coruña vai entrar no Consorcio das Mariñas.

O Sr. alcalde manifesta que non lle entendeu el iso ao seu voceiro, pero se o voceiro do BNG así o deduce e ten máis información, el estaría encantado de que entre.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala, simplemente por matizar, que o Concello da Coruña manifestou publicamente a súa vontade de integrarse no Consorcio das Mariñas, que se leve a efecto ou non, dependerá da negociación.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que está totalmente a prol, tanto da moción como do engadido que se efectuou por parte do PP.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa inclusión da alínea terceira proposta polo PP, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como se transcribe a continuación:

“Ata o ano 1998, en Galicia só existían sete parques de bombeiros, sitios nas grandes cidades, mentres que máis do 64% da poboación galega, en materia de salvamento e rescate, dependía das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Coa finalidade de dotar aos concellos dun servizo de prevención e extinción de incendios (urbanos e forestais), pero tamén dun servizo de protección civil, protección do medio ambiente, e daquelas actividades destinadas á salvagarda das persoas e dos seus bens, creándose os GRUMIR (Grupos municipais de intervención rápida).

Na actualidade hai 61 Grupos municipais de intervención rápida constituídos en Galicia, dos que 49 teñen unha estrutura estable con tres integrantes, que funcionan todo o ano mediante un convenio asinado pola Consellería de Presidencia e a de Medio Rural, e o resto dos compoñentes dos GRUMIR, outros 12 membros, estanse a contratar mediante as solicitudes correspondentes que os concellos fan á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro dos programas de cooperación coas entidades locais. Estes operativos están a

recibir tamén unha axuda de 45.000 euros da Deputación da Coruña destinada ao seu sostemento económico.

No ano 2007 a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron o Pacto local no que se establece o mantemento dos Grupos municipais de intervención rápida, ao tempo que se asume o compromiso de buscar “unha solución de futuro, coa garantía do mantemento da súa estabilidade, así como do seu financiamento a cargo da comunidade autónoma ata un máximo de 12 membros para cada GRUMIR”. E en especial neste pacto establécese que “cando exista un parque de bombeiros ou se cre un novo nun concello onde exista algún GRUMIR, este trasladarase a outro municipio.

No ano 2010 a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciou a súa vontade de poñer en marcha “un novo mapa das emerxencias de Galicia, cun sistema profesional de xestión e atención que dera o mellor servizo e garanta que o 90% da poboación galega estará a 20 minutos como máximo dun centro profesional e permanente de atención ás emerxencias, as 24 horas do día e os 365 días do ano”. E para lograr este obxectivo comprometéase a facer efectivo o establecido polo Pacto local ratificado en 2007 entre a Xunta e a FEGAMP de trasladar a outros municipios aqueles Grumires que estean situados en concellos onde houbera un parque de bombeiros.

Coa intención de acadar un consenso, decidiu prorrogar por derradeira vez o actual operativo ata o 31 de decembro de 2010 ao tempo que se acordaba iniciar o proceso de negociación do novo sistema coa FEGAMP.

Non obstante, co proceso de negociación paralizado, o operativo existente tense prorrogado ata o momento actual, no que 7 dos 16 municipios que contan con GRUMIR (Arteixo, As Pontes, Ordes, Carballo, Betanzos, Cee, Arzúa) contan tamén con parque de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Bombeiros.

A consecuencia desta situación é que, no que á comarca coruñesa respecta, o único GRUMIR está situado no mesmo concello que ten o parque de bombeiros provincial, Arteixo, mentres que o resto dos concellos, como Cambre, vense obrigados a custear os seus propios servizos de emerxencia, obriga que se torna especialmente gravosa na situación de crise actual.

Por todo o anterior o Pleno da Corporación do Concello de Cambre acordou:

Primeiro: Instar ao goberno municipal co fin de que solicite á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o establecemento dun GRUMIR no Concello de Cambre, en cumprimento do previsto no Pacto Local do 2007, dando, así mesmo, traslado desta solicitude á Federación Galega de Municipios e Provincias.

Segundo: Que mentres non se cumpra por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co anteriormente solicitado, se inste da mesma Consellería á subscripción dun convenio co Concello de Cambre, para que con cargo aos

orxamentos autonómicos se financie a totalidade dos custos que na actualidade xenera ás arcas municipais o Servizo municipal de emerxencias.

Terceiro: Instar ao goberno municipal a que inicie as xestións oportunas perante o Consorcio das Mariñas e, particularmente, os concellos da Comarca das Mariñas, co fin de elaborar os estudos necesarios para comprobar a viabilidade técnica e económica de consorciar os servizos municipais de Protección Civil.

Cuarto: Que por parte do Sr. alcalde se dea información puntual a este Pleno das xestións que se realicen para acadar o anteriormente solicitado.”

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU.

### **C) Moción do grupo municipal de EU relativa ás deficiencias no servizo nocturno de urxencias no centro de saúde de Cambre**

Rexistrada de entrada ao núm. 14332 o día 2 de setembro de 2011, xunto cos rogos e preguntas para este Pleno. Consta do seguinte teor literal:

“O centro de saúde de Cambre foi pioneiro na súa modalidade na área sanitaria de Galicia. A profesionalidade e eficacia do seu persoal, é motivo de orgullo para a maioría dos veciños/as de Cambre e a súa área de influencia. A denominación de Punto de atención continuada, leva implícito que as instalacións permanecerán abertas as 24 horas e ofrecerá atención médica permanente.

Sendo a Sanidade o servizo máis necesario e que mellor debe funcionar nun estado de benestar, os nosos rexedores tanto autonómicos como municipais teñen a obriga de velar e traballar para conseguir que os seus cidadáns teñan cuberta esa necesidade do xeito máis adecuado, cómodo, eficaz e próximo a eles.

Nas Comisións Informativas do pasado 19 de xullo o noso grupo municipal expúxolle á concelleira responsable a situación que nos foi trasladada por veciños/as de Cambre. A dita situación é a insuficiente dotación de efectivos médicos para o Servizo de atención continuada que ten como consecuencia a posible falta de efectivos por un eventual desprazamento do facultativo de garda a un domicilio. A concelleira responsable da área de Sanidade deu traslado da nosa petición ao director do centro entregándonos a

resposta que por email el lle facilitou. Nese escrito o propio director do centro, indica que unicamente hai un médico titular no Servizo de atención continuada de Cambre-Carral durante a noite, de modo que se un paciente acude ou chama no momento que este médico non se atope no centro, ou espera a que regrese ou tería que contactar co 061. Infórmase ademais que para as poboacións de menos de 30.000 habitantes esta situación entraría dentro do habitual.

O noso grupo municipal coida que é imprescindible o traslado desta situación á administración competente por varios motivos:

O primeiro deles é que a poboación que atende este Servizo de atención continuada supera os 30.000 habitantes. Non podemos esquecer que neste centro se atenden as urxencias tanto do Concello de Cambre como do de Carral, e a suma supera a citada cantidade de referencia.

Outro dos motivos é que non podemos deixar de ser conscientes de que estamos a falar dun servizo de atención de urxencias ou emerxencias efectivas que non poden ser demoradas por ser por definición alteracións da saúde que necesitan unha atención médica inmediata, que é un dereito da poboación.

Por estes motivos, o grupo municipal de EU propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que o goberno local se dirixa á Consellería de Sanidade e a Xefatura Provincial da Coruña, para que dote dos recursos e medios necesarios, ao centro de saúde de Cambre co fin de evitar as situacións de indefensión en materia asistencial.

Segundo: Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública e Dirección do centro de saúde de Cambre.”

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que, sen estar en desacordo con gran parte da moción, o seu grupo quere pedir aos concelleiros de EU que a retiren, só por unha cuestión, porque os datos oficiais do Padrón de Habitantes son de xaneiro de 2010, eses son os datos cos que se rexen os organismos oficiais. En xaneiro de 2010, o Padrón de Cambre era de 23.621 habitantes, e do de Carral 5.945. Son 29.566 habitantes.

Di que ela mesma falou co director do centro de saúde, falou coa directora de atención primaria, e están dentro do ratio, e por iso propón que se retire a moción. Ela sabe que o Padrón actual non é ese, pero o oficial é o que lles dixo. Por iso, se queren retirala agora, poden presentala en canto se faga a aprobación do próximo Padrón e facer a solicitude pertinente.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que a postura do seu grupo municipal non vai ser retirar a moción, entre outras cousas porque a mesma concelleira do equipo de goberno está dicindo que non son datos reais, entón sería cuestión de averiguar e indagar cantos habitantes hai.

Engade que independentemente dos habitantes, se se olvidan dos 30.000 habitantes, como característica fundamental dun punto de atención continuada está que é precisamente iso, un punto de atención continuada, non é discontinua, sen olvidar que están falando do tema da saúde.

Quere dicir, con total sinceridade, que o tema dos recortes en Sanidade está presente, e todos o saben perfectamente. Hoxe en prensa saían manifestacións e protestas por recortes no servizo nocturno en municipios próximos, Pontedeume, Ortigueira, Foz, Vigo, Baiona, Verín. Entenden que a situación actual e as medidas de política actual neste goberno autonómico por parte do Partido Popular, parten sempre da instancia de recortes en Sanidade.

Eles nesta moción o que están pedindo é que como concelleiros de Cambre, e como veciños de Cambre, se inste ás administracións competentes a que o servizo de atención e punto de atención continuada estea totalmente cuberto, independentemente de que sexan 29.999 ou 30.001, e eles, con base en todas estas argumentacións, e considerando que a saúde, xunto coa educación, pero neste momento están falando da saúde, é un dos piares básicos do estado de benestar, como dicían na moción.

Con base en todo o anterior, conclúe dicindo que non van retirar a moción.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que os datos oficiais son os oficiais. Recoñece que a día de hoxe hai máis habitantes, pero os organismos oficiais réxense por datos oficiais. Á parte diso, di que o director do centro de saúde recoñece que hai un médico no cadro de persoal, pero tamén hai un médico residente, e unha enfermeira, e unha atención continuada do 061. Non sabe se os concelleiros de EU están a falar de meter un médico ou dous, non o sabe, porque se non se atinxen a uns datos non pode sabelo, pero supoñendo que poñen un médico máis, se ese día teñen dous saídas estarían no mesmo, entón habería que poñer un médico para cada habitante de Cambre. Iso non pode ser, iso ten que rexerse por unhas normas, unhas estatísticas, e a partir de aí, no momento en que se aprobe o Padrón Municipal, ela volverá a presentar a solicitude, é máis, ela xa falou coa directora de atención primaria e a contestación foi que Cambre está dentro da ratio. Agora mesmo é o que hai e por iso insta aos Sres. concelleiros a que no momento en que o novo Padrón estea aprobado, e se pasen nesa ratio, esixan que cumpra, mentres, ela non pode esixir outra cousa, unha ilegalidade, xa que están dentro da ratio de todos os centros de saúde da comarca.

Conclúe reiterando que no momento en que se aprobe outro Padrón, pódese volver presentar a moción e eles a apoiarán, e incluso poderían pedir máis mellora, se queren.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que lle resulta bastante gracioso que a Sra. concelleira se adiante a todas as respostas que lles van dar o resto das administracións. Di que se nota que hai contacto directo, pero que lamentablemente as cousas non son así. De entrada está dicindo que non ten sentido presentalo porque non sabe que pensan eles, se van ser dous médicos, se van ser tres. Di que eles non están aquí nin para avaliar nin para valorar cantos médicos, cantas enfermeiras, e de feito non o poñen na moción, eles o que están é instando ao Pleno da Corporación a que o goberno local se dirixa á Consellería de Sanidade e á Xefatura Provincial da Coruña para que dote dos recursos e medios necesarios ao centro de saúde de Cambre, non din un número, senón que falan dos medios necesarios. Coa resposta que lles deu a Sra. concelleira, están deixando moi claro cal é a súa conciencia de políticas sociais, iso está clarísimo.

En segundo lugar di que o que piden é que se dea traslado do acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, algo ao que non lle ve perigo.

Por todo o anterior, di que prefiren que se someta a votación, e que non van retirar a moción.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel sinala que ela simplemente lle quere dicir que a súa postura é que non van votar a prol de algo que non se permite. Reitera que unha vez aprobado o novo Padrón pode se solicitar, e o mesmo con calquera necesidade que haxa en Cambre, porque non só hai esta, senón que pode haber algunha outra deficiencia máis. Di que a iso si que están dispostos, pero que o que non poden facer é instar agora a iso, xa que Cambre non é especial con respecto a outros centros de saúde que hai ao seu redor, como é Culleredo, Oleiros, Arteixo, etc.

Conclúe dicindo que aínda que se dea traslado non están dentro da ratio e, polo tanto, non lles van atender. Poden trasladalo, pero non os van atender. Poden pedir o que queiran, pero ao non estar dentro da ratio non llelo van cumprir.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, quere agradecer aos compañeiros de EU que presentaran esta moción, cre que é moi acertada, é o momento adecuado, por canto están asistindo a algo moi preocupante, e que en Cambre tamén ten o seu reflexo, como se manifesta na moción, que é a deterioración da calidade da asistencia sanitaria neste municipio e, en xeral, en toda Galicia.

Di que o tema lles preocupa e, de feito, eles tamén teñen presentado un rogo sobre unha deficiencia que teñen detectado no centro de saúde do Temple, e que así lles teñen manifestado os veciños da zona. Cren que os problemas dos veciños en canto á asistencia sanitaria están por riba das ratios de poboación. Di que hai unha deficiencia, el entende que os técnicos, ou os responsables políticos do Sergas se escuden no dato numérico para non mellorar, pero a súa posición, dende a súa responsabilidade como

representantes dos veciños de Cambre, debe ser apoiar esta moción de forma unánime, porque si é certo que existen esas deficiencias, e algunhas máis que irán detectando.

Expón que non se trata de esixir unha resolución inmediata, aínda que sería tamén bastante necesario, pero si que se amose ante o Sergas o posicionamento conxunto dos concelleiros de Cambre en canto que esas deficiencias teñen que intentar ser atendidas coa máxima urxencia. Di que por iso entende que a moción está perfectamente presentada e anima ao grupo popular a que, deixando de lado eses criterios un tanto técnicos, se posicione co resto de grupos que apoian a moción, para intentar mellorar a asistencia sanitaria aos seus veciños, tal e como é a pretensión da citada moción.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable e agradece ao grupo de EU a presentación da moción. Di que parece que por parte do goberno o que se está poñendo en dúbida é a forma e non o fondo, e realmente o importante neste caso é o fondo e non a forma. Están falando de 500 habitantes máis o menos, pero o fondo da cuestión é o problema que sufren os veciños e veciñas de Cambre.

O único que se está pedindo é dotar de medios necesarios, e se lle está pedindo á Xunta de Galicia. Eles contestarán o que teñan que contestar, eles o que están pedindo é que o goberno e todos os concelleiros desta Corporación pidan á Xunta de Galicia que dote de medios necesarios, e haberá que agardar á contestación, o que non lle parece de recibo é que os membros do goberno se poñan en contra xa directamente.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Alfredo Rodríguez Abella, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser a prol da moción, porque o BNG sempre vai estar coa maioría social, sempre vai estar cos veciños, coa maioría do pobo, en contra das políticas de privatización da Sanidade que é o que postula o Partido Popular.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que, en primeiro lugar, el tamén quere felicitar aos compañeiros de EU pola presentación desta moción. Está totalmente de acordo en todos os termos, porque é lamentable que dende o Sergas, dende a dirección de atención primaria, os estean avaliando por un censo do ano 2010. Cre que aquí o importante son os veciños e que estean atendidos.

A el gustaríalle que esta moción se aprobase por unanimidade. Ao igual que a oposición non ten ningún reparo en aprobar as propostas que fai o goberno cando son coherentes e boas para os veciños de Cambre, dende a oposición tamén teñen que pedir ese apoio para a iniciativa tan boa, neste caso, de EU.

Conclúe dicindo que tamén sería bo o apoio favorable de todos os membros do Partido Popular que están no goberno, para que vexan os veciños de Cambre que teñen un goberno que se preocupa por eles.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a el simplemente gustaríalle puntualizar unha cuestión, porque aquí estase poñendo en dúbida se os responsables políticos do Sergas están comprometidos con Cambre. Di que hai poucos meses a conselleira de Sanidade amosou o seu compromiso, e adxudicou a redacción do proxecto para a construción dun novo centro de saúde que prestará servizo no Temple, cun punto de atención continuado que dará servizo a moitos miles dos veciños de Cambre. Polo tanto, di que estas ratios de 30.000 habitantes das que están falando, en canto teñan un novo centro de saúde, as verán outra vez bastante reducidas.

En todo caso di que eles están totalmente de acordo coa moción, o que si pode ocorrer, en relación co que dixo o voceiro de UxC, e que ao mellor pecan de querer saber de máis, e chaman á Xunta, ao Sergas, para preguntarlle sobre esta moción, e para dicirlles que se tiña presentado este tema e preguntarlles que lles podían dicir. Esa é a súa obrigação informarse. Dende o Sergas o que lles dixeron é que Cambre cumpre estrictamente coas mesmas ratios que están vixentes para toda Galicia. Por tanto, eles poden solicitar sen ningún problema que se dote dos medios necesarios, pero é que eses medios necesarios xa os teñen, iso é o que queren dicir. Os medios necesarios xa os teñen porque se están cumprindo as ratios que están vixentes para toda Galicia, non só para Cambre.

Continúa dicindo que, en todo caso, eles están de acordo e estarán sempre de acordo en solicitar, esixir e facer todo o posible como goberno, porque se melloren todos os servizos que se prestan aos veciños de Cambre.

Expón que, se queren seguir profundizando nas xestións que ten feito este goberno, o que están facendo para mellorar a Sanidade en Cambre, hai que sinalar que teñen unha débeda histórica cos veciños de Cambre, co centro de saúde de Cambre, e é que unha boa parte está ocupada por unha sala de exposicións e por unha biblioteca que lles autorizou a Xunta a manter aí, e aínda non se lle ten encontrado solución a ese tema. Di que a eles, coa aprobación da modificación do Plan Arume para trasladar a sala de exposicións a Vila Concepción, só lles queda a biblioteca, e case teñen localizado un local onde poñela, para poder cederlle completamente o local á Xunta e, por unha petición da propia conselleira de Sanidade para que lles cedan o centro de saúde e poidan facer a ampliación.

Por todo o anterior, dicir alegremente que os responsables políticos do Sergas non están comprometidos con Cambre, cando xa teñen adxudicada a redacción dun proxecto para construír un novo centro de saúde en Cambre, cando lles instaron a que lles cedan unha planta enteira do outro centro de saúde, que teñen no centro de Cambre, para ampliálo, parécelle, polo menos, un pouco frívolo.

Conclúe dicindo que, eles, en todo caso, todo o que sexa mellorar a atención aos veciños parécelles estupendo, estarán sempre, como non pode ser doutra maneira, de acordo. Pero dicir que se dote dos medios necesarios, cando os medios necesarios xa os teñen, parécelles, polo menos, redundar, pero están co espírito da moción totalmente de acordo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño puntualiza, por alusións, que el non falou do Sergas na súa exposición, para nada, falou do goberno, de que o único que está facendo é escudarse nas formas, en vez de no fondo, é o único que dixo. O que aquí se está pedindo é que fagan as melloras, e que o goberno dea traslado da petición dos grupos políticos de Cambre, iso é o que se está pedindo. Di que aquí non se falou de Vila Concepción, nin do feito de que a Xunta teña que facer o centro de saúde no Temple, para o cal dispón de 5 anos, porque para iso se lles cedeu o terreo e vén no convenio, teñen que facelo ou devolverlle o terreo ao Concello de Cambre, é dicir, non é alegremente que a conselleira de Sanidade lles regale un centro de saúde. O concello cedeu un terreo e nese convenio se recolle que teñen 5 anos para facer un centro de saúde no Temple.

Conclúe dicindo que non falou dos responsables políticos do Sergas, el falou dos responsables do grupo de goberno. Cre que o Sr. Andreu estaba intentando levar o tema onde lle interesa, e non é así, porque el falou da forma e do fondo, nada máis.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López manifesta que o Sr. Andreu dixo que lle parece que se citan termos alegremente, pero que a ela acáballe de parecer moi mal esa especie de mitin programático que acaba de facer o concelleiro lembrando todos os puntos de Vila Concepción, centro de saúde de Cambre, etc. Di que a moción está moi clara, aquí non están a falar da biblioteca, nesta moción cre que os puntos están clarísimos, trátase de que unha persoa chega a un centro de saúde, que é un punto de atención continuada, cun infarto e non hai un médico, e esa é a base, e iso non é mentira, porque eles esta moción a teñen recollida polas queixas dos veciños de Cambre.

Neste punto, ante a intervención de dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, dona María Olga Santos López di que non se trata dunha única queixa, e que parece que ela coñece a respostas que van dar as administracións e que se a Sra. concelleira ten un informe sobre o tema, ela non o ten, e a súa obriga sería darlles ese informe cando piden que se retire a moción.

Explica que o que non se pode facer tampouco é nadar e gardar a roupa, o que non se pode facer é que como están aquí nun Pleno, e hai xente diante, dicir que están a prol de todo tipo de política social e despois non apoiar unha moción que o único que está intentando é instar ás administracións competentes a que se dote dos medios necesarios, e serán esas administracións competentes as que lles dean resposta.

Continúa dicindo que cre que acaba de oír algo que non lle gusta, porque cre que pesada non é, di que iso é o que acaba de entender. Igual consideran que é pesada co tema da saúde, perfecto, pero que os concelleiros de EU seguirán sendo pesados, porque a súa política é política de defensa da política social.

Conclúe agradecendo ao resto de compañeiros que apoien a súa iniciativa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que o seu grupo dixo dende o principio que estaba de acordo coa moción, co fondo da moción como dixo o grupo de UxC. Con iso sempre estiveron de acordo, agora ben, os números que manexa a Xunta ou o Goberno Central, sexa para Sanidade, sexa para votacións, sexa para as urnas, é o censo. Por iso, aínda estando de acordo coa moción, e cre que o grupo popular a vai votar a prol, o único co que non están de acordo é coa expresión “*para que dote dos recursos e medios necesarios, ao centro de saúde de Cambre co fin de evitar as situacións de indefensión en materia asistencial*”. Di que el ten o informe da conselleira de Sanidade, porque falou con ela por teléfono sobre este tema, e ela, como conselleira, non pode saltarse o censo que se está manexando.

Di que eles están de acordo coa moción se poñen “*para que dote de mellores recursos e medios ao centro de saúde de Cambre.*”, porque iso de “*evitar as situacións de indefensión en materia asistencial*”, el non cre que haxa indefensión. Se os concelleiros de EU están de acordo en cambiar iso, el non cre que haxa ningún problema en aprobar a moción por unanimidade.

Dona María Olga Santos López contesta que non van cambiar nin unha soa coma, porque consideran que a moción está perfectamente redactada.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol da moción os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou aprobar a moción tal e como foi transcrita.

### **7º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1296 de data 1 de agosto de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocío Vila Díaz dende o día 1 ao 7 de agosto de 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1326 de data 10 de agosto de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 17 ao 19 de agosto de 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1398 de data 18 de agosto de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Designar aos Concellos de Ames e Santiago de Compostela como representantes no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Segundo: Comunicar a designación á delegación de Economía e Facenda de Galicia-A Coruña, e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1416 de data 26 de agosto de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 29 de agosto ao 2 de setembro do ano que andamos, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## **8º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 14396 o día 5 de setembro de 2011, xunto coas preguntas para este Pleno.

1º Unha das liñas de transporte público de viaxeiros máis utilizadas polos veciños de Cambre é a que transcorre entre Cambre - Urb. A Barcala - O Burgo - O Portazgo - As Xubias - A Coruña (estación de autobuses). Esta liña ten o seu primeiro servizo, dende Cambre, ás 7:00 da mañá e o último, dende a estación de autobuses da Coruña, ás 23:30. É frecuente que veciños comecen a súa xornada laboral, en réxime de quendas, na Coruña ás 7:00 da mañá e rematen a súa quenda ás 24:00. Con estes horarios de traballo resúltalles imposible usar o transporte público, como sería a súa vontade. Tendo en conta que debe ser obxectivo do goberno municipal o fomento do transporte público e a atención ás necesidades dos seus veciños.

Solicitamos se inste á Dirección Xeral de Mobilidade e á empresa concesionaria do servizo, ASICASA, co fin de que amplíen o horario de servizo da citada liña, de tal xeito que o primeiro autobús da mañá teña a súa saída de Cambre ás 6:30 horas e o último da noite teña a súa saída da estación de autobuses da Coruña ás 00:30 horas.

O Sr. alcalde contesta que lle parece unha solicitude procedente, e nos próximos días, que ademais teñen unha reunión coa Dirección Xeral de Mobilidade, el vai propoñer que fagan ese cambio.

2º A variante executada na estrada de titularidade provincial DP-1703, de Espírito Santo a Fraís, ven a producir que os vehículos que por alí transitan o fagan a altas velocidades. Os veciños do lugar de Lendoiro, que teñen a necesidade de atravesala, atópanse nunha situación de risco, correndo serio perigo de ser atropelados. Por iso:

Solicitamos se requira á Deputación Provincial a adopción de medidas de seguridade viaria (p.ex. sinalización horizontal e vertical dun paso de peóns) que permitan atravesar o citado vial coa máxima seguridade, sobre todo no tramo da confluencia do novo trazado co antigo.

O Sr. alcalde contesta que está de acordo co grupo socialista na inseguridade que hai nalgunhas estradas de titularidade provincial, non só nesta de Espírito Santo, que ademais é unha estrada que coñece perfectamente. Di que exporá este tema á Deputación e os técnicos da Deputación serán os que teñan que estudar onde se vai poñer o paso de peóns.

Igualmente, xunto con este tema levará tamén a solicitude de poñer uns pasos de peóns na estrada provincial que pasa por Bribes, porque cre que tamén ten bastante perigo, sobre todo os fins de semana. Di que esa é unha queixa que xa lle formularon.

Tamén ten falado na Deputación, que xa están os técnicos estudando, o tema da estrada que vai por Brexo-Lema ata Sta. M<sup>a</sup> de Vigo. Saben que hai unhas denuncias dunha serie de accidentes e é unha estrada moi problemática. Xa estiveron os técnicos da Deputación nesa estrada e van estudar se cambiar o firme ou reducir a curva, e cando teña o informe diso, trasladarállo ao Pleno.

3º Os veciños da parroquia do Temple veñen padecendo serias deficiencias na atención sanitaria que se presta no centro de saúde sito neste barrio. A de maior importancia, que afecta en especial ás familias novas que en gran número residen alí, é a carencia de consulta de pediatría en horario de tarde. Por iso:

Solicitamos se requira ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) co fin de que dote ao citado centro de saúde de médico pediatra con consulta en horario de tarde.

O Sr. alcalde contesta que este é un asunto que el persoalmente falou coa conselleira de Sanidade, dona M<sup>a</sup> Pilar Farjas. Xa no mes de xullo llo solicitou expresamente á Sra. conselleira, porque era un dos puntos que o Partido Popular levaba no programa electoral, e que ademais ven que é necesario, non só polo programa. Nunha ou dúas semanas, é dicir antes do 15 de outubro, agarda ter contestación.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 14332 o día 2 de setembro de 2011, xunto coa moción e as preguntas para este Pleno.

1º Sobre o deficiente funcionamento do 065.

Son moitas as denuncias e queixas dos usuarios/as do Servizo Galego de Transporte Adaptado. Un modelo que o anterior goberno da Xunta de Galicia consideraba pioneiro e modélico, convertíndose agora nun servizo mediocre e conflitivo.

No noso concello temos veciños/as que teñen que empregar este servizo para realizar os seus desprazamentos. Eles mesmos están a ser testemuñas da precariedade do funcionamento do transporte, sendo este un dos piares para o desenvolvemento das necesidades para persoas dependentes, con mobilidade reducida.

As administracións públicas deben ser sensibles ás demandas e necesidades do conxunto da poboación, esta actitude en relación coas persoas con discapacidade débese traducir na adopción de medidas concretas e na posta en funcionamento de plans de actuación dirixidos á súa plena integración, así como a garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal.

Ante isto o noso grupo considera que unha das responsabilidades do goberno local é velar pola calidade de vida de todos os veciños/as e especialmente aqueles que teñen máis problemas, sendo a súa obriga facilitar apoio a estas persoas. Na actualidade as queixas en Cambre acentúanse sen que os usuarios/as obteñan unha resposta encamiñada a cubrir as súas necesidades.

Por todo isto o grupo municipal de EU, prega ao goberno e á súa concelleira responsable:

Realicen todo tipo de xestións, mobilizando e se fose necesario denunciando este servizo e o seu mal funcionamento, así mesmo, palién de maneira urxente e prioritaria con recursos propios, e dentro das súas posibilidades, as carencias e deficiencias deste servizo, atendendo ás distintas necesidades dos veciños/as, neste caso afectados por problemas de mobilidade.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que están totalmente de acordo co rogo presentado, tanto é así que o Partido Popular levaba no seu programa electoral a creación dun servizo complementario ao 065 e, ademais diso, hai uns días estivo por aquí a conselleira responsable de Traballo e Benestar, e un dos temas que estivo enriba da mesa foi o deficiente funcionamento do 065.

Eles poden comprometerse agora mesmo a que na proposta que van traer a este Pleno para os orzamentos do ano 2012 irá unha partida para a creación do servizo complementario do 065, e dependerá desta Corporación, se aproban os orzamentos, que se poida executar.

2º Veciños e usuarios do parque infantil situado na praza Miguel Ángel Blanco, denunciaron ante o noso grupo o lamentable estado das instalacións, pola deterioración dos elementos de xogo e mobiliario urbano, incumprindo así a normativa vixente, preocupando dunha maneira especial un elemento de xogo que debido ao seu estado atópase precintado pola Policía Local.

Logo de presentar distintos escritos por rexistro a día de hoxe seguen sen ter resposta, feito que incomoda e molesta aos usuarios da dita instalación.

E por todo isto o noso grupo prega:

Se proceda coa maior urxencia a reparar e acondicionar as deficiencias denunciadas.

Dar cumprida contestación aos escritos presentados polos veciños/as.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que retiran este rogo xa que as deficiencias, segundo lles informaron os veciños, foron reparadas o día 6. Di que lles alea a eficacia, xa que isto foi denunciado polo seu grupo hai aproximadamente 15 días, mediante 13 escritos presentados no concello por veciños e usuarios, e danse por contentos con que se teña reparado.

En canto á segunda parte da pregunta, que era dar contestación aos escritos dos veciños, cre que a mellor contestación é que se teña realizado este traballo.

3º O noso grupo municipal ten recibido múltiples demandas por parte de veciños do Temple solicitando unha reorganización do sentido da circulación da rúa Estanque de Abaixo. As dimensións da dita rúa, con prazas de aparcamento a ambas marxes fai

imposible a ordenación do tráfico en dobre sentido, posto que se dous vehículos se cruzan, un deles ten que retroceder para que o outro circule. Esta situación, fai que os atascos nesta rúa sexan constantes e nalgúns casos con perigo de accidentes.

Con base nisto, pregamos se dea traslado aos técnicos competentes para realizar un estudo de reorganización do sentido de circulación na citada rúa.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que, antes de entrar neste tema, e en relación co anterior rogo, quere aclarar que hai aproximadamente 15 días ou 3 semanas que tivo coñecemento de que os bambáns estaban precintados, e inmediatamente se puxo en contacto cunha empresa para que puxera outros, porque aínda que son distintos dos que xa había, o urxente é que se puxeran ao servizo dos nenos da zona.

Con respecto ao terceiro rogo presentado por EU di que, efectivamente, vaise dar traslado ao técnicos. Sinala que xa hai informes sobre o tema, pero que se van poñer agora máis a fondo co tema e ver se en breve solucionan o problema.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 14396 o día 5 de setembro de 2011, xunto cos rogos para este Pleno.

1ª Nos últimos anos Cambre viu incrementada a súa rede de saneamento en gran parte das parroquias. Só dúas se mantiveron fóra destas melloras: Andeiro e Santa María de Vigo. Nelas o servizo de saneamento é unha demanda que non pode esperar máis para ser solucionada. Por iso este grupo pregunta:

Que medidas ten pensado levar a cabo o goberno municipal para dotar de saneamento aos veciños destas dúas parroquias?

Don Manuel Marante Gómez contesta que, efectivamente, iso é así. O que van facer é tratar, de inmediato, de facer un estudo das posibles solucións que pode haber para esas dúas parroquias e para a parte sur de Brexo. Hai ideas faladas, pero o que non hai son estudos técnicos que avalien determinadas cuestións.

Unha vez que teñan eses estudos, intentarán ver se é posible incluílos nos orzamentos do ano que vén. Os estudos vanse encargar xa.

2ª Dende hai anos os veciños da Mota e os traballadores e asistentes a cursos de formación do centro municipal do polígono de Espírito Santo veñen demandando que o autobús que fai servizo polas parroquias chegue a eses lugares. O certo é que a empresa ASICASA, que presta o servizo, non ten ningún inconveniente en adaptar o percorrido ás necesidades destes veciños. Tendo coñecemento disto a Dirección Xeral de Mobilidade, ata o momento non autorizou os cambios demandados. Por iso este grupo pregunta:

Que xestións ten efectuadas ou pensa levar a cabo para atender a demanda dos veciños da Mota e dos traballadores e asistentes aos cursos do polígono de Espíritu Santo?

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, aclara que aquí parece que os problemas veñen pola coincidencia dos percorridos da liña municipal coa de Autos Vázquez que vén de Abegondo, e tería que pasar por Catro Camiños, ir á Mota, Pravio, e seguir en dirección á Coruña.

Di que, segundo teñen coñecemento, o que é a desviación cara á Mota, e a desviación cara á Pravio, é bastante frecuente que non a realice, co cal hai unhas deficiencias en canto á concesión da liña que hai que solucionar. Hai un conflito de intereses entre as necesidades dos veciños e a situación dun concesionario da liña que é Autos Vázquez. Isto xa o expuxera el mesmo, cre que foi no ano 2004, perante o que entón era o director xeral de Transportes, e parece que aquí se atopan cun muro insalvable que é a concesión de Autos Vázquez.

Considera que teñen que primar os intereses dos veciños por riba dunha concesión que lle parece que fai catro servizos ao día soamente, e que non cumpre co servizo que sería necesario para atender ás necesidades da zona.

O Sr. alcalde contesta que este é un tema que na primeira xuntanza que tivo co director xeral de Mobilidade xa se expuxo, primeiro porque el é veciño de Cecebre e A Mota está en Cecebre, e foi unha das súas primeiras preocupacións, porque sabía que na anterior lexislatura este tema tamén se trouxo a varios Plenos.

Están estudando como convencer a Autos Vázquez para que deixe ir a Asicasa a recoller aos veciños da Mota. Non é fácil, porque cre que a empresa quere que lle poñan cartos enriba da mesa e a Dirección Xeral de Mobilidade non está de acordo. En todo caso, están a presionar á empresa.

Sinala que como dentro duns días vai ter outra xuntanza co director xeral de Mobilidade, e co resto de alcaldes da zona, vai falar de novo deste tema, porque para el, como veciño de Cecebre, é moi importante darlle solución.

Don Augusto Rey Moreno agradece a contestación e sinala que, de todos os xeitos, están falando dun tema de certa transcendencia xurídica que habería que estudar. Están falando dunha liña de carácter municipal, el non profundizou xuridicamente nisto, pero ao mellor é o momento de estudar de que forma as súas competencias a nivel local poden ter reflexo nun tratamento de liña local e, polo tanto, evidentemente estaría por riba da concesionaria que é Autos Vázquez.

Conclúe dicindo que é un tema a estudar pero cre que hai posibilidades por aí de solución.

3ª En datas pasadas unha noticia na prensa informaba da intención do goberno local de Cambre de “sentarse” a falar cos empresarios asentados no municipio para deseñar un plan “efectivo” para a creación de emprego. Tendo en conta o alcance e transcendencia da información é polo que este grupo pregunta:

Cales son as liñas de actuación e medidas concretas que ten pensado incorporar nese Plan de emprego o goberno local para loitar contra o paro e xerar actividade económica e emprego no noso concello?

Dona Marta María Vázquez Golpe, do PP, contesta que é certo que dende o grupo de goberno se está traballando seriamente nestas políticas, non só para o fomento do emprego, senón tamén para xerar actividade económica no concello. Estes plans ou liñas de actuación están practicamente definidas, non obstante di que a ela non lle gustaría olvidar que en todo isto hai unha parte que está directamente implicada e que son os empresarios, polo tanto, non lle parece nin ético, nin tampouco prudente, adiantar un tema que aínda está sen falar con eles, é máis, o seu grupo xa dixo, dende o programa electoral, que se sentarían e falarían cos empresarios para deseñar eses plans, polo tanto, será a primeiros de outubro cando manterán esas reunións, e presentarán estas liñas.

Ela invita, non só ao grupo socialista, senón ao resto dos grupos, a que acudan a estas reunións para coñecer de primeira man cales serán esas políticas e dará cumprida información nos seguintes plenos ou cando empecen a poñelas en práctica.

Don Jesús Bao Bouzas, do PSdeG-PSOE, manifesta que lles parecería oportuno que nun tema tan sensible, tan importante como é o emprego, se comezase pola parte final que a Sra. concelleira propuxo, é dicir, convocando dalgunha maneira a todas as entidades, incluso aos concelleiros que están presentes nesta Corporación, a un posicionamento común, a abordar con profundidade, con rigorosidade e con seriedade un problema tan importante como é o do emprego.

Lémbralle ao equipo de goberno que unhas 2.000 persoas en Cambre están en situación de desemprego, é un tema suficientemente importante como para que se poida tratar con certa frivolidade.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a súa idea é convocar a todas as forzas políticas a que acudan a estas reunións. Di que eles teñen un borrador redactado coas propostas, xa que realizaron un traballo previo, pero, evidentemente, o que anunciaron, o que queren é que esas propostas se concreten cun consenso cos empresarios, polo tanto, avanzar cales van ser as súas ideas, cando o que queren é tomar estas decisións en conxunto cos empresarios e co resto dos grupos da oposición nesas reunións, non lles parece demasiado prudente.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que lle parecen bastante estrañas as manifestacións que está facendo o Sr. Andreu, porque a verdade é que, antes

dos empresarios, as iniciativas e as liñas de actuación en materia de emprego, cre que teñen que ser coñecidas polo Pleno da Corporación, porque son os representantes dos veciños de Cambre. Di que non se trata de faltar ao respecto ao colectivo de empresarios, evidentemente, pero o equipo de goberno terá deseñadas, como están manifestando, unhas liñas de actuación, unhas liñas de como reorientar ese plan de emprego, e o poñerán enriba da mesa aos empresarios, para que o estuden e, a partir de aí, fagan suxestións. Evidentemente entende que os grupos municipais teñen que ter esa información antes que calquera outro colectivo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que cando fagan esa convocatoria, enviarán o borrador das súas propostas, en igualdade de condicións, a todos os grupos da oposición. Cre que é un tema de participación cidadá moi importante, é unha decisión que teñen que tomar coas persoas que van a crear o emprego. Di que eles poden poñer as medidas para que as persoas, os empresarios que van crear o emprego o poidan facer nas mellores condicións, pero non poden tomar a decisión de forma unilateral entre os políticos. Hai que participar directamente ombro con ombro cos empresarios, e que os empresarios lles digan cales son as súas necesidades para que eles poidan tomar as medidas adecuadas. Iso é o que queren dicir, queren evitar que mañá teñan un titular ou unha aparición en prensa na que se diga que o goberno municipal vai tomar esta ou outra iniciativa antes de poder telo consultado cos empresarios, iso precisamente é o que queren evitar.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que cre que está desconfiando un pouco do resto de grupos á hora de manter un pouco o silencio ou a reserva sobre un tema tan importante como este. Evidentemente, se lles informan na Xunta de Voceiros ou nunha reunión ou comisión, onde se considere oportuno, destas liñas a desenvolver, son o suficientemente responsables como para manter o silencio se se considera necesario mantelo. Nun tema como este non se trata de que cada grupo se poña unha medalla, senón de traballar man a man para tratar de solucionar, ou polo menos paliar, os efectos desta crise.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que sen ningún problema, que lles presentarán o borrador que teñen redactado na próxima Xunta de Voceiros.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 14332 o día 2 de setembro de 2011, xunto coa moción e rogos para este Pleno.

1ª En varias ocasións, o noso grupo municipal ten falado da falta de sinalización das instalacións deportivas de titularidade pública do concello. A pesar do tempo transcorrido e das promesas dos responsables do goberno anterior, na actualidade aínda non se deu cumprimento ao solicitado.

Pode informarnos o responsable da área, se nas actuacións inmediatas está contemplado dotar ao noso concello de carteis informativos indicando as instalacións deportivas que carecen de sinalización?

Don Manuel Marante Gómez contesta que hai unhas carencias de sinalización, non só de instalacións deportivas, senón tamén fundamentalmente de núcleos de poboación nas distintas parroquias. Hai aproximadamente dez anos fíxose unha campaña de sinalización das parroquias, dos distintos núcleos, e a partir de aí non se volveu facer máis nada.

A intención do goberno municipal é que no próximo orzamento se habilite unha partida para sinalización deste tipo de cuestións que están mal sinalizadas. Incluso Correos ten bastantes dificultades para repartir polos núcleos, e cando cambian de carteiro hai moitos problemas. É unha reclamación que fai tanto Correos como os veciños, que son os que se queixan de que as súas zonas non aparecen en ningún lado.

Por todo o anterior, van intentar incluír no vindeiro orzamento unha partida para sinalizar, tanto instalacións deportivas, como calquera outras instalacións públicas e núcleos de poboación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que el non vai dudar da palabra do Sr. concelleiro, da súa vontade de arranxar estas deficiencias que hai en canto á sinalización en xeral en todo o concello. El nesta pregunta estase referindo a unha sinalización en concreto, que son as instalacións deportivas que existen no concello, e faino cunha insistencia que vai chegar a ser cansina, porque na pasada lexislatura o presentou tres veces, e cre que tamén procede na actual lexislatura recordarlle o tema ao novo goberno, porque todos son conscientes de que as instalacións deportivas de Cambre, a maioría delas, carecen de sinalización. É unha demanda non só das persoas de Cambre, senón, sobre todo, das persoas que veñen de fóra de Cambre, porque como xa dixo en varias ocasións nos Plenos, as persoas que veñen a Cambre, os equipos de fútbol que veñen ao campo de fútbol de Cambre, teñen que andar preguntando polo concello onde está o campo. A xente que vai á Balastreira en Cecebre tampouco teñen sinalizadas as instalacións. A xente que vai á Barcala, tampouco as teñen, e a xente que vai a Lendoiro en Cecebre, tampouco.

Di que é lamentable a situación. Non llo reprocha directamente ao Sr. concelleiro, porque é a primeira vez, pero dille que sabe perfectamente que este tema xa veu a Pleno varias veces.

Por iso pide que, como unha primeira actuación, se sinalicen esas instalacións, porque é unha demanda de toda a xente de Cambre, dos equipos de fútbol, das directivas, pero tamén da xente que vén doutros lugares, sobre todo cando Cambre estaba nunha categoría superior e viña xente de Cee e tiñan que ir a Sigrás a preguntar, e tiñan que volver para atrás os autobuses.

Conclúe dicindo que lle parece lamentable, por iso lle pide ao Sr. concelleiro que faga un esforzo e que nunha primeira actuación se leve a cabo a sinalización.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. Taibo fai con tanto énfase a pregunta que parece que os culpables de que non estean sinalados os campos de fútbol nin as instalacións deportivas é o goberno que acaba de chegar, e como acaba de chegar haberá que habilitar primeiro un orzamento para levar a cabo a sinalización. Di que están niso, non só cos campos de fútbol nin cos campos de tenis, senón con todos o do concello, porque ningún está sinalizado, e van facelo, están poñendo todo o empeño en facelo, pero, como dixo, para iso tamén hai que dispoñer dun orzamento, e a situación do concello non é tan boa, ao mellor teñen que aprobar os orzamentos antes de tempo para precisamente poder facer esas sinalizacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el fai as preguntas co énfase que lle caracteriza, pero sempre con todo respecto, e por iso xa lle dixo ao Sr. concelleiro que non lle reprochaba absolutamente nada porque é novo neste goberno, xa o dixo antes de que o Sr. alcalde dixera nada.

El cre que o investimento tampouco é tanto, non están falando dun investimento millonario, nin moito menos, están falando de poucos miles de euros, moi poucos. Por iso dicía que habería que facer un esforzo nestas cousas, parécelle que é o mínimo que se debe facer.

2ª Veciños do Drozo, Freande e Bellavista, presentaron no concello un prego de firmas solicitando a instalación dun paso de peóns, fronte ao bar “Casa Manuel”, para tratar de resolver os problemas de perigo que se ven sometidos diariamente as persoas ao ter que cruzar a estrada no lugar.

Ten previsto o goberno algunha actuación, co fin de dar solución a tan demandada petición veciñal?

Don Manuel Marante Gómez contesta que fronte ao bar “Casa Manuel” non se pode poñer un paso de peóns porque é un perigo, están ante unha curva e é un perigo. Di que ao mellor poderíase poñer un pouco máis abaixo, en torno onde se preparou agora para o tema do autobús adaptado porque está nunha recta con visibilidade, pero loxicamente hai que solicitalo á Xunta porque a estrada é súa, e el cre que o Sr. alcalde ten previsto falar coa Xunta para solicitar, non só ese paso de peóns aí, senón tamén outras propostas en Pravio. Non sabe exactamente para cando ten a reunión, pero está previsto facer a solicitude para varios temas de seguridade viaria nesa estrada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, explica que falaba do bar “Casa Manuel” porque era un referente para situarse no sitio, é o referente e máis o lugar onde atravesan as persoas. Está convencido de que habería que facelo máis abaixo, o que incluso levaría consigo a eliminación dalgunha praza de aparcamento, pero el sempre dixo que era máis interesante a seguridade das persoas que dúas prazas de aparcamento.

Toma a palabra o Sr. alcalde para confirmar que xa tivo unha primeira reunión cos responsables da Xunta e expúxolles este tema, porque sabe que é un dos asuntos que tamén se trouxo a moitos Plenos na anterior lexislatura. E non só este, senón tamén os pasos de peóns que hai nesa mesma estrada á altura de Pravio.

Di que a súa intención, por suposto, é cambiar a parada do bus escolar, que está fronte ao cemiterio de Pravio, cambiala un pouco máis abaixo e aí facer o paso de peóns. En principio nos próximos oito días vai ter unha reunión cos responsables técnicos da Xunta, presentaralles o estudo para que eles, se o ven ben, o aproben, que el cre que non van ter ningún problema. Quizais teña o concello que facerse cargo economicamente do custo deses pasos de peóns, pero coa autorización da Xunta poderán facelo.

3ª No Pleno do pasado día 21 de xullo preguntamos pola frecuencia na limpeza dos colectores de lixo. A esta pregunta o concelleiro de Obras respostanos que o Consorcio realiza limpeza mensual durante os meses de verán e de forma trimestral durante o resto do ano. Así mesmo tamén nos informa que o 27 de xullo de 2011 terá lugar unha reunión no Consorcio onde tratarán diferentes temas entre os que se atopa este mesmo.

Por tanto, dende o grupo municipal de EU preguntamos cal foi o contido da dita reunión respecto do tema da limpeza dos colectores de lixo. Así mesmo, solicitamos que se nos facilite un informe coas últimas limpeza realizadas e a previsión de limpeza que ten planificada o Consorcio segundo a reunión que mantiveron.

Don Manuel Marante Gómez contesta que, efectivamente, un dos temas que trataron na reunión foi o da frecuencia na limpeza e que existe un convenio asinado e, polo tanto, van seguir a facelo así, non o van modificar. En canto ao informe do que falan vai ter que solicitalo, porque non o solicitou.

En todo caso, di que a el lle consta que están limpando, entre outras cousas porque el, diante da súa casa, ten uns cantos colectores de lixo e durante a noite fan bastante ruído.

Tamén se tratou na reunión a ampliación de percorridos nalgunhas zonas que teñen reclamación dalgún veciño. Algunhas xa se solucionaron, onde podía pasar o camiión, por exemplo na zona do cemiterio novo de Bribes. Tamén estaba o tema de dotar dalgún colector adaptado a minusválidos, con pedal, e tamén xa está colocado. Noutras zonas onde o camiión non pode pasar de momento, están facendo xestións cos propietarios dos terreos para que poidan facelo, xa que habería que ampliar un pouco a estrada nalgunhas curvas.

Conclúe dicindo que iso foi o que se tratou, e que algunhas cousas xa están solucionadas e outras están facendo o posible por solucionarlas.

Dona María Olga Santos López, de EU, explica que o motivo de pedir o informe é que precisamente eles teñen informacións de todo o contrario. Saben que hai colectores de

lixo que non se están limpando, porque é algo visible, a limpeza dos colectores é algo que se pode ver a simple vista, non fai falta un informe técnico. Di que na zona do Temple recollen habitualmente queixas dos veciños indicando que hai colectores de lixo que hai moitísimo tempo que non se limpan. Ese é o motivo fundamental de solicitar ese informe, para cotexar se efectivamente existe esa ruta de limpeza de colectores e agradecerían que se solicitase.

Don Manuel Marante Gómez sinala que tamén lle din que ás veces é complicado facer a limpeza, teñen que facela inmediatamente detrás do camión que vai recollendo, e ás veces o primeiro apura moito máis que o que vai limpando. Nalgunhas zonas, cando chegan, xa hai bolsas de lixo metidas nos colectores, cando a normativa di que non se debe botar o lixo nos colectores ata as 20:00 horas, e a maior parte dos veciños o que fan é botala pola mañá cando se levantan para ir traballar, e ao mellor ás 6:00 da mañá xa hai colectores con bolsas dentro, e así non poden lavalos.

Hai outros que despois, por motivo de que as bolsas non van perfectamente pechadas, os desperdicios se espallan, e algúns, ao día seguinte de estar lavados, xa están todos salpicados de restos de comida, etc. Por iso ás veces dá a impresión de que non os limpan, pero si que os limpan, iso foi o que lles dixeron.

Conclúe dicindo que, en todo caso, vai pedir un informe e que llelo facilitará sen problema.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M<sup>a</sup> Otero López